

Á vista do escrito do Xerente da Sociedade Xestora de Intereses da Universidade de Santiago de Compostela, s.l (en adiante UNIXEST) da Universidade de Santiago de Compostela, D. Juan Gómez Romero, polo que manifesta a súa disposición a recibir alumnos en prácticas da titulación de Master Universitario en Dirección de Proxectos, esta REITORÍA

-Considerando que na EPS impártense a titulación de Master Universitario en Dirección de Proxectos. En dita titulación recóllese a posibilidade de que os alumnos realicen prácticas en empresas, institucións públicas ou privadas de 15 créditos ECTS, (1 crédito por cada 25 h), dentro da materia Prácticas en empresa de carácter obrigatorio. Con estas prácticas preténdese que os estudantes desenvolvan os coñecementos e habilidades adquiridos ao longo dos estudos.

-Considerando que UNIXEST arriba citado está integrado na Universidade de Santiago de Compostela.

-Considerando que é vontade da Universidade potenciar a realización de actividades de formación, especialización e prácticas no ámbito dos estudos do Master Universitario en Dirección de Proxectos coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación do estudiantado.


RESOLVE

1. Autorizar a realización de prácticas do alumnado da titulacións de Master Universitario en Dirección de Proxectos da EPS nas instalacións de UNIXEST.
2. Establecer que o réxime das practicas será o seguinte:
 - Durante o período non lectivo, as prácticas que realicen os alumnos constarán de 30 horas semanais. Durante o período lectivo a dedicación máxima será de 15 horas, salvo casos excepcionais. Computarase un crédito por cada vinte e cinco horas de prácticas , sen poder superar 375 horas recollidas no plano de estudos.
 - Estas prácticas realizaranse no período que determine a Comisión Académica destas titulacións de acordo coa Dirección de UNIXEST, e concretaranse nas convocatorias que faga a USC.
 - Ningún alumno terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio.
 - Estas prácticas non comportarán compensación económica. O feito de que o alumnado realice prácticas en UNIXEST non suporá ningún tipo de relación laboral coa Universidade nin determinará a existencia de ningunha responsabilidade pola súa parte.
 - Os alumnos que van realizar as prácticas serán seleccionados consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito.
 - A Comisión Académica da titulación do Master Universitario en Dirección de Proxectos nomeará a un titor, que realizará o seguimento das prácticas dos alumnos. Así mesmo, UNIXEST nomeará a un titor deste centro que supervisará as prácticas realizadas polo alumno.
 - Ao remate de cada período de prácticas cada un dos alumnos deberá realizar unha memoria final sobre o traballo realizado.

- A avaliación das prácticas realizaraa a USC a través do titor/-ra, á vista da devandita memoria e do informe do titor/-ra de prácticas de UNIXEST..
- As prácticas soamente poderán ser avaliadas favorablemente se a ausencia non excede do 15% das horas programadas, ou o que determine a guía docente do programa de estudos.
Se a avaliación da memoria é positiva e o informe da actuación do alumno/a favorable, o responsable de UNIXEST emitirá por cada un dos estudantes que participaran con regularidade nas prácticas unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos de investigación ou avaliación, etc. realizados.
A certificación deberá especificar que, para os efectos académicos, queda supeditada á avaliación que realice a USC das prácticas.
- Aqueles alumnos que teñan menos de vinte e oito anos seguen baixo a protección do seguro escolar. Non obstante, no caso de prácticas nas que concorra un risco excepcional, deberá contratarse un seguro de responsabilidade civil ou de accidentes

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2012

O REITOR



Juan José Casares Long

SR. DIRECTOR DA ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR
SR. COORDINADOR DO MASTER EN DIRECCION DE PROXECTOSN
SR XERENTE DE UNIXEST
SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA
SRA. DIRECTORA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA